

ACTA DE VALORACIÓN DE MÉRITOS DA FASE DE CONCURSO DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO NO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO

Na Sala de Plenos do Concello de Salvaterra de Miño, sendo as 11:05 horas do día 7 de marzo de 2024, reúnese o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para cubrir unha praza de auxiliar administrativo, correspondente á convocatoria de selección de persoal funcionario no proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Salvaterra de Miño, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 37 de 22 de febreiro de 2023, coa asistencia dos seguintes membros:

Presidenta: Rocío de Sinde Penas, Técnica de xestión do Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra

Secretaria: Ruth Belén Lis Álvarez, funcionaria pertencente ó grupo C2 da Xunta de Galicia.

Vogais:

José Antonio Gulías Varela, Xefe de negociado do Servizo de Contratación da Deputación Provincial de Pontevedra

Ana María Osorio Calles, Administrativa do Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra

Beatriz Domínguez Riobó, funcionaria pertencente ó grupo C2 da Xunta de Galicia

Constituído o Tribunal cualificador, a Secretaria toma a palabra e dá conta do seguinte:

- Que son 26 persoas aspirantes admitidas no proceso selectivo
- Que todas as persoas aspirantes posúen o Título CELGA correspondente á praza
- Que se constata a falta de acreditación de servizos prestados en dúas das aspirantes, o cal poderá ser subsanado coa súa correcta acreditación a través de:
 - o Certificación de servizos prestados do organismo correspondente, ou ben
 - o Vida laboral e nomeamento no prazo que se fará público trala completa baremación de tódalas persoas aspirantes
- Que segundo indica a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu artigo 2.3: "Teñen a consideración de Administracións Públicas a Administración Xeral do Estado, as Administracións das Comunidades Autónomas, as Entidades que integran a Administración Local, así como os organismos públicos e entidades de dereito público previstos na letra a) do apartado 2: Calesqueira organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes das Administracións Públicas"
- Que o Concello de Salvaterra de Miño publicou unha rectificación de erro material hoxe, xoves 7 de marzo, no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, na lista definitiva de admitidos e excluídos neste proceso de estabilización

A continuación, de acordo co previsto na base oitava das bases xerais da convocatoria, procedeuse a valorar os méritos da fase de concurso, segundo os seguintes criterios de puntuación:

"BAREMO DE MÉRITOS:

A fase de concurso terá unha valoración do 40% da puntuación total (40 puntos), na que se terá en conta maioritariamente a experiencia no corpo, escala ou categoría profesional de que se trate (90% da puntuación desta fase).

- Méritos profesionais: 36 puntos.

Os servizos prestados no corpo, escala, categoría profesional da entidade local convocante da praza, coa condición de funcionario interino ou mediante contratación laboral temporal (*), terán unha puntuación de 0,80 puntos por mes completo.

Os servizos prestados noutros corpos, escalas, categorías profesionais doutras Administracións Públicas Locais distintas da entidade local convocante da praza, coa condición de funcionario interino ou mediante contratación laboral temporal (*), terán unha puntuación de 0,10 puntos por mes completo.

Os servizos prestados en corpos, escalas, categorías profesionais iguais ó obxecto da convocatoria doutras Administracións Públicas, distintas da entidade local convocante, coa condición de funcionario interino ou mediante contratación laboral temporal (*), terán unha puntuación de 0,30 puntos por mes completo.

Os servizos prestados nos restantes organismos do sector público, coa condición de funcionario interino ou mediante contratación laboral temporal (*), terán unha puntuación de 0,10 puntos por mes completo.

(*) Inclúese ao persoal indefinido non fixo.

(**) Non se discriminará entre xornada parcial e completa.

O Tribunal cualificador non tomará en consideración para o seu cómputo as fraccións de tempo inferiores a un mes. No caso de que a documentación aportada non xustifique plenamente os méritos alegados a criterio do Tribunal cualificador, os mesmos non se terán en conta e non serán valorados e puntuados.

O Tribunal poderá citar á persoa aspirante para a súa aclaración.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados. Tampouco se computarán os servizos realizados mediante contratos de persoal eventual, de servizos suxeitos á lexislación de contratos do sector público, en réxime de colaboración social, os períodos de prácticas formativas nin das becas de colaboración ou formación, sen prexuízo de que dita prestación de servizos puidera ter a consideración de cursos de formación. Así mesmo, tampouco se computará como experiencia no ámbito das Administracións Públicas a adquirida ao servizo de empresas que presten servizos externalizados por ditas Administracións, nin tampouco en empresas privadas.

- Outros méritos: 4 puntos.

a) Formación e capacitación profesional:

Valoraranse os cursos homologados realizados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos de formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como, os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente dende o ámbito laboral e os de contido ofimático.

Por grupos e subgrupos de titulación, a táboa de horas requirida para acadar a puntuación máxima sería:

- Grupo A1: 100 horas (0,04 puntos hora).
- Grupo A2: 80 horas (0,05 puntos hora).
- Grupo B: 50 horas (0,08 puntos hora).
- Grupo C1: 30 horas (0,133 puntos hora).
- Grupo C2: 20 horas (0,20 puntos hora).
- Grupo AP: 10 horas (0,40 puntos hora).

b) Titulación superior á requirida para o acceso e relacionada coa praza: 0,1 puntos.

Os aspirantes que se queden sen praza pasarán a formar parte dunha lista de agarda”

Así, o cómputo dos meses de experiencia profesional acreditados en días serán calculados tomando como resultado a parte enteira do cociente dos días divididos entre 30.

Atendendo ao indicado anteriormente, as puntuacións outorgadas ás persoas aspirantes foron as seguintes:

Aspirante	Méritos Profesionais (máx. 36 puntos)	Outros méritos (máx. 4 puntos)			TOTALS (máx. 40 puntos)
		Formación e capacitación profesional	Titulación superior á requirida para o acceso e relacionada coa praza	Total outros méritos	
ACUÑA FERNÁNDEZ, ÁNGEL ISAAC	0 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos
ALFONSÍN NANDE, SILVINA	0 puntos	0,1 puntos	0 puntos	0,1 puntos	0,1 puntos
BAZARRA VIQUEIRA, JUAN JOSÉ	4,8 puntos	0 puntos	0,1 puntos	0,1 puntos	4,9 puntos
DACOSTA ARGIBAY, MARÍA JOSÉ	8 puntos	4 puntos	0,1 puntos	4 puntos	12 puntos
DE MIRANDA VIGO, VIRGINIA	32,10 puntos	4 puntos	0,1 puntos	4 puntos	36,10 puntos
DÍAZ MIRAS, MARÍA DEL CARMEN	0 puntos	4 puntos	0,1 puntos	4 puntos	4 puntos
ESTÉVEZ GARCÍA, SUSANA	1,8 puntos	4 puntos	0,1 puntos	4 puntos	5,8 puntos
ESTÉVEZ GONZÁLEZ, ANDREA	0,3 puntos	4 puntos	0,1 puntos	4 puntos	4,3 puntos
FERNÁNDEZ PÉREZ, MARÍA DEL PILAR	0 puntos	0 puntos	0,1 puntos	0,1 puntos	0,1 puntos
FIGUEIRAS FIGUEROA, FRANCISCO JAVIER	3,6 puntos	4 puntos	0,1 puntos	4 puntos	7,6 puntos
GALIÑANES FERNÁNDEZ, REBECA	2,6 puntos	4 puntos	0,1 puntos	4 puntos	6,6 puntos
GALIÑANES GONZÁLEZ, MARÍA CARMEN	36 puntos	4 puntos	0,1 puntos	4 puntos	40 puntos
GONZÁLEZ LAGO, ISABEL	8,4 puntos	4 puntos	0,1 puntos	4 puntos	12,40 puntos
GONZÁLEZ SUÁREZ, MARTÍN	1,1 puntos	4 puntos	0,1 puntos	4 puntos	5,1 puntos
IGLESIAS MOURE, MARTA	0 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos
MESÍAS MARTÍNEZ, SILVIA	0 puntos	4 puntos	0,1 puntos	4 puntos	4 puntos
MIRANDA QUINTAS, ANA MARY	0,2 puntos	0 puntos	0,1 puntos	0,1 puntos	0,3 puntos
NAVARRO ORTIGOSA, MARÍA BELÉN	0 puntos	4 puntos	0,1 puntos	4 puntos	4 puntos
LAGO LÓPEZ, ROSA NIEVES	4,2 puntos	4 puntos	0,1 puntos	4 puntos	8,2 puntos
PEQUEÑO RIOBO, ANA MARÍA	36 puntos	4 puntos	0,1 puntos	4 puntos	40 puntos
PINTOS COMESAÑA, JAVIER	36 puntos	0 puntos	0,1 puntos	0,1 puntos	36,1 puntos
REPESAS GIMÉNEZ, FERNANDO	0 puntos	0 puntos	0,1 puntos	0,1 puntos	0,1 puntos
RIVERA AMOEDO, SONIA	0 puntos	4 puntos	0,1 puntos	4 puntos	4 puntos
RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, MONSERRAT	0 puntos	0 puntos	0,1 puntos	0,1 puntos	0,1 puntos
RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, BLANCA	36 puntos	4 puntos	0,1 puntos	4 puntos	40 puntos
RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, MÓNICA	0 puntos	0 puntos	0,1 puntos	0,1 puntos	0,1 puntos

As persoas aspirantes poderán formular alegacións ante o tribunal seleccionador no prazo de dous (2 días) hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación na sede electrónica das puntuacións outorgadas na fase de concurso.

Inclúese, anexa a esta publicación, a batería de preguntas das que se escollerán un total de quince, así coma tamén as cinco preguntas de reserva, que conformarán o exame da fase de oposición deste proceso selectivo.

E non sendo outro o obxecto da reunión, dáse por finalizada a mesma, sendo as 13:05 horas do día arriba indicado, estendéndose a presente acta de todo o que, como Secretaria, dou fe.

Asinado dixitalmente,